

ESTATUTOS

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA XESTIÓN CULTURAL

DENOMINACIÓN E NOTAS XERAIS

Artigo 1.- Baixo a denominación de **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA XESTIÓN CULTURAL (AGPXC)**, constitúese esta Asociación, ao abeiro do establecido polo artigo 22 da Constitución Española de 1978, pola Lei orgánica 1/ 2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e demais disposicións legais de aplicación.

O réxime xurídico da asociación determinarase polo disposto nos presentes estatutos.

Artigo 2.- O domicilio para efectos de notificacións da asociación establécese en Rúa Paleo 17 - Casa da Cultura, C.P. 15175 Carral - A Coruña

Artigo 3.- O ámbito de actuación en que a asociación exercerá as súas actividades será autonómico.

Artigo 4.- A Asociación, que se constitúe sen ánimo de lucro ningún, terá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.

En concreto, a Asociación poderá realizar toda clase de actividades, exercitar accións xudiciais, relacionarse coa Administracións Públicas, adquirir e posuír bens de toda clase, así como contraer obrigas e asumir responsabilidades de todo tipo.

Artigo 5.- A asociación constitúese por tempo indefinido, e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade das persoas asociadas expresada en Asamblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

DOS FINS DA ASOCIACIÓN

Artigo 6.- Esta Asociación ten como fins:

- a) A representación, xestión, defensa e fomento dos intereses profesionais das asociadas e o asesoramento destas.
- b) O establecemento de servizos propios, de interese común para as asociadas, e en especial a asesoría técnica, xurídica, económica ou fiscal que se estimen adecuados para mellor defensa dos intereses profesionais das asociadas.
- c) Promover a mellora das condicións xerais e particulares para o desenvolvemento da actividade profesional das asociadas, así como a unificación de criterios e sistemas, servindo con obxectividade aos intereses xerais no marco dun Estado de Dereito.
- d) Reforzar a consolidación da figura profesional da xestora cultural.
- e) Promover o debate e a reflexión sobre cuestións de interese colectivo no campo das políticas culturais e da Xestión Cultural.
- f) Favorecer o intercambio de información, de ideas e de experiencias, así como a formación, entre as xestoras pertencentes á asociación.
- g) Contribuir á formación doutros colectivos vinculados coa xestión cultural.
- h) Servir como órgano de comunicación e interlocución aos organismos de formación para a Xestión Cultural, así como a cantos organismos públicos ou entidades privadas se considere co fin de mellorar a programación, desenvolvemento e avaliación da actividade cultural.
- i) Vincular as súas actuacións con outras iniciativas similares realizadas no resto do Estado ou a nivel internacional.
- k) Promover o desenvolvemento da cultura da participación activa e comprometida, así como contribuír á difusión da pedagogía democrática en todas as súas actuacións.
- l) Todas aqueloutras actuacións que se estimen oportunas no ámbito da Cultura e que persigan beneficio social para Galicia e para a propia Asociación e as persoas

asociadas.

Artigo 7.- As actividades que se pretenden realizar son, entre outras, as seguintes:

- a) A organización de Foros sobre xestión cultural e actividades vinculadas.
- b) Elaboración dun código deontolóxico.
- c) Investigacións, estudos e informes. Publicacións: revistas e libros. Comunicación en rede (web) referidos aos asuntos que lles son propios á asociación.
- d) Promoción da formación das xestoras culturais en Galicia, ben por iniciativa propia, ben en colaboración con entidades públicas ou privadas, e primando sobre todo a regularización e recoñecemento académico desta formación.
- e) Asesorar a entidades, administracións ou colectivos, sobre aqueles asuntos relacionados cos fins da asociación, ben a través de accións formativas, consultorías externas, redacción de informes, realización de investigacións, etc.
- f) Desenvolver accións de todo tipo para regularizar a situación profesional das xestoras culturais en Galicia.
- g) A colaboración con asociacións, organizacións e institucións de diversa índole: Universidades, administracións culturais, asociacións profesionais, colectivos diversos, etc.
- h) Accións de coordinación coa Federación Estatal de Asociacións de Xestoras Culturais.

DAS ASOCIADAS

Artigo 8.- A asociación está conformada por catro tipoloxías diferentes de persoas asociadas: fundadoras, de número, bonificadas e protectoras:

- a) **Socias fundadoras:** terán esta consideración as persoas suscriptoras da acta fundacional constitutiva da asociación.

b) **Socias de número:** poderán ser socias de número as persoas físicas maiores de idade que, en Galicia, desenvolvan a súa actividade profesional principal nos ámbitos da xestión cultural e que, interesadas nos fins da asociación, soliciten voluntariamente a súa incorporación a esta e abonen a cota que se estableza no caso de seren admitidas pola Xunta Directiva. A condición de profesionais da xestión cultural será demostrada documentalmente a través de contratos de traballo, informes de vida laboral, certificacións debidamente conformadas ou actas notariais. Tamén poderá ser demostrada a través dun informe ben documentado e razoado presentado á Xunta Directiva co aval de por, cando menos, outras tres socias de número.

c) **Socias bonificadas:** terán esta consideración aquelas persoas físicas que, sen contar aínda con experiencia profesional en activo, se atopen realizando estudos oficiais profesionalizantes ou capacitadores en xestión cultural, así como aquelas profesionais, sexan ou non socias de número, que accedan á xubilación. Ambas circunstancias deberán ser demostradas documentalmente e ser admitidas pola Xunta Directiva. Despois de finalizar os seu estudos, as socias bonificadas poderán solicitar a súa incorporación como socias de número mediante solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva. As socias bonificadas contarán cunha redución da cota anual nun 50%.

d) **Socias protectoras:** terán esta consideración as persoas físicas ou xurídicas que, debido ao seu interese na xestión cultural, decidan realizar unha achega económica anual á asociación, sempre dentro dos límites establecidos pola Xunta Directiva e ratificados pola Asemblea Xeral, quen aprobará a súa admisión.

e) **Socias de honra:** persoas físicas ou xurídicas que debido a súa traxectoria profesional e pola súa vinculación co mundo da cultura, sexan propostas pola Xunta Directiva e ratificadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 9.- É requisito indispensable para ser socia de número, ter plena capacidade xurídica e de obrar, ter interese nos obxectivos da asociación, e solicitalo expresamente desta, ademais de cumprir os requisitos reseñados no artigo 8 a) destes estatutos.

A presentación da solicitude de inscrición implica a aceptación expresa pola aspirante socia do contido íntegro dos estatutos da asociación, e de cantas decisións e acordos se adopten polos órganos de goberno desta.

Artigo 10.- As asociadas terán os seguintes dereitos:

I) Socias fundadoras e de número:

- a) Ter copia destes estatutos.
- b) A participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como a asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
- c) A ser informadas da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, acordos tomados por estes, estado de contas e desenvolvemento da súa actividade.
- d) Facer suxestións ás persoas que conforman a Xunta Directiva sobre a mellora e o cumprimento dos fins da Asociación.
- e) A ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e a ser informadas dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo, no seu caso que impoña a sanción.
- f) A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

II) Socias bonificadas, protectoras e de honra:

- a) Ter copia dous presentes Estatutos
- b) Non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación desta, pero están facultadas para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto, e a ser informadas da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, acordos tomados por estes, estado de contas e desenvolvemento da súa actividade.
- c) Facer suxestións ás persoas que conforman a Xunta Directiva co obxectivo de mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.
- d) A ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e a ser informadas dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo, no seu caso, impoña a sanción.

Artigo 11.- As asociadas terán os seguintes deberes:

- a) Observar unha boa e leal conducta individual e cívica con respecto á Asociación e ó exercicio profesional, vínculo fundamental coa mesma.
- b) Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- c) Pagar as cotas, derramas e outras achegas que, con arranxo aos estatutos, poidan corresponder a cada socia.
- d) Cumprir o resto de obrigacións que resulten das disposicións dos estatutos.
- e) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.

Artigo 12.- A Asociación, para o seu sostemento e para atender aos gastos que os seus fins orixinen, establecerá unha cota, cuxa contía será fixada pola Asemblea Xeral, así como as súas posibles modificacións, de acordo coas necesidades da Asociación.

Artigo 13.- A perda da condición de socia producirase por algunha das seguintes causas:

- a) Renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por non aboar as cotas establecidas durante un período de tres meses.
- c) Por expulsión, como consecuencia dunha conduta incorrecta ou prexudicial para os fins e bo nome da Asociación. A Xunta Directiva emitirá un prego de cargos, concedendo un prazo de oito días á asociada, para que alegue canto conveña ao seu dereito, e propoña as probas que estime pertinentes na súa defensa. Á vista de tales alegacións, a Xunta Directiva ditará a resolución que proceda, a cal será recorrible ante a Asemblea Xeral, no prazo de quince días hábiles desde a súa notificación. Contra a resolución da Asemblea Xeral, a socia poderá acudir ante a xurisdicción ordinaria, se crese prexudicada pola mesma.

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN

Artigo 14.- Os órganos de goberno da Asociación son a Asemblea Xeral de socias e a Xunta Directiva, actuando ambas en todo caso baixo o principio de funcionamento democrático.

Artigo 15.- A Asemblea Xeral, composta por todas as asociadas, é o órgano supremo de goberno da Asociación, e reunirse con carácter ordinario ou extraordinario, sendo o órgano de decisión e de deliberación en público. Adoptará os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e deberá reunirse, polo menos, unha vez ao ano. Con carácter ordinario reunirse unha vez ao ano, e será convocada pola Xunta Directiva con dez días de antelación como mínimo, indicando a orde do día; esta reunión terá lugar dentro do mes de xaneiro.

Artigo 16.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario, cando pola importancia dos asuntos a tratar así o acorde a Xunta Directiva, ou a décima parte das asociadas. A convocatoria efectuarase nun prazo mínimo de tres días na forma indicada para as reunións ordinarias, con expresión completa dos asuntos a tratar na orde do día.

Artigo 17.- En ambos casos considerarase constituída, se na primeira convocatoria asisten a metade máis un das asociadas, e en segunda convocatoria con calquera número de persoas asociadas asistentes.

Artigo 18.- O período de tempo a transcorrer entre a primeira e segunda convocatoria será de media hora.

Artigo 19.- Nos casos que se requira a celebración dunha Asemblea Xeral extraordinaria, necesitarase o voto favorable das dúas terceiras partes das asociadas presentes ou

representantes para tomar acordos.

Artigo 20.- Son atribucións da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Nomeamento da Xunta Directiva da Asociación.
- b) Modificación de estatutos.
- c) Resolver, a proposta da Xunta Directiva, sobre o investimento dos remanentes líquidos, se os houberse, ou doutros recursos directos ou indirectos que puidesen obterse.
- d) Decidir sobre a enaxenación de todo ou parte do patrimonio da Asociación.
- e) Acordar a disolución da Asociación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública.
- g) Acordar a constitución de federacións ou integrarse nelas.

DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 21.- Para rexer os destinos da Asociación, resolver cantos asuntos de réxime interno se presenten, ou decidir en todo aquilo que non estea reservado pola súa importancia á Asemblea Xeral, creárase como órgano de goberno e representación unha Xunta Directiva, que xestiona e representa os seus intereses de acordo coas disposicións legais e directivas da Asemblea Xeral, e que estará integrada polas seguintes persoas asociadas:

- 1) Presidenta.
- 2) Vicepresidenta.
- 3) Secretaria.
- 4) Tesoureira.
- 5) 3 Vogais.

Poderán ser parte da Xunta Directiva da Asociación todas aquelas persoas físicas maiores de idade que teñan a condición de asociadas de número ou fundadoras, que se atopen en pleno uso dos dereitos civís, e que non estean incursas nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Artigo 22.- Os cargos da Xunta Directiva, serán cubertos por elección en Asemblea Xeral, e serán honoríficos, e non retribuídos, sen prexuízo de que se lle compensen os gastos derivados das súas actuacións por devanditos cargos.

O mandato da Xunta será por catro anos, podendo ser reelixidos as persoas cesantes ao finalizar devandito mandato.

As causas do cesamento das persoas que conforman a xunta directiva: falecemento da persoa física o extinción da persoa xurídica, renuncia voluntaria, transcurso do prazo para o que foron eleixidas e acordo adoptado polas asociadas reunidas en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto.

Artigo 23.- Todos os cargos da Xunta Directiva terán que estar ostentados por persoas asociadas.

Artigo 24.- A Xunta Directiva reunirse cando haxa lugar a iso, xa o xulgue necesario a presidencia, ou o soliciten a metade máis unha das socias; destas reunións levantarase a acta correspondente.

A Xunta Directiva manterá informado ás asociadas de cantos asuntos sexan de interese xeral.

Artigo 25.- A sinatura da asociación será ostentada por Presidenta e Secretaria.

Artigo 26.- Será misión da **PRESIDENTA**:

- a) Presidir e dirixir os debates da Xunta Directiva e nas asembleas xerais, así como ordenar á secretaria a convocatoria destas e fixar a orde do día.

- b) Ostentar, xunto ca secretaria, a firma da Asociación.
- c) Representar oficialmente á Asociación.
- d) Coñecer de cantos asuntos deba tratar a Asociación, distribuíndoos para o seu estudo ás comisións respectivas, e recibindo delas, a través da secretaria, o informe emitido, que se someterá a Xunta Directiva, para a súa aprobación na forma indicada.
- e) Dar visto e prace á correspondencia que manteña a Asociación.
- f) Intervir, cando o xulgue oportuno ou conveniente, nos labores das comisións de traballo, estudos, etc.
- g) Outorgar poderes a favor de Procuradoras dos Tribunais e de letradas, para a defensa en xuízo da Asociación.
- h) Exercitar accións de todo tipo, ante calquera órgano xurisdiccional, en defensa da Asociación.
- i) Dirixirse ás Administracións Públicas, e relacionarse con estas, en defensa dos intereses da Asociación.

Artigo 27.- Será misión da **SECRETARIA**:

- a) Coñecer dos asuntos da Asociación, levando a correspondencia social, que asinará co visto e prace da presidenta.
- b) Notificar e convocar as reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, e redactar actas destas.
- c) Distribuír, de acordo coas instrucións da presidenta, o traballo das diversas comisións, recibindo destas os informes correspondentes, que trasladará á presidenta para o seu ulterior resolución.
- d) Manter un estreito contacto cas asociadas.
- e) Confeccionar a memoria que ha de presentarse á Asemblea Xeral de asociadas.
- f) Expedir certificacións como fedatario da Asociación.

g) Exercer custodia do Libro de Socias e o inventario de Bens.

h) E, en xeral, canto corresponda á marcha administrativa da Asociación, e non sexan funcións específicas de calquera outra persoa da Xunta Directiva.

Artigo 28.- Será misión da **TESOUREIRA**:

a) Recadar as cotas das asociadas que se establezan pola Asemblea Xeral.

b) Custodiar os fondos da Asociación.

c) Realizar investimentos a favor da Asociación.

d) Facilitar á Asemblea Xeral de asociadas e á Xunta Directiva cantos datos lle sexan solicitados.

e) Estender e levar as contas dos recibos de cotas das asociadas.

f) Levar ao día os libros de contabilidade precisos para a boa marcha da Asociación.

Artigo 29: Será misión da **VICEPRESIDENTA**:

a) Asistir á Presidenta no desempeño da súa misión.

b) Substituír á Presidenta en todas as súas atribucións, en casos de ausencia, enfermidade ou delegación.

c) A delegación será realizada expresamente pola Presidenta.

Artigo 30.-A Xunta Directiva poderá decidir a creación de comisións de traballo, que terán por obxecto a realización de estudos sobre aqueles asuntos que se estimen de interese xeral para a Asociación.

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 31.- A Asociación non conta con patrimonio propio, pero para o desempeño dos seus fins, establecerá unha cantidade en concepto de cota, cuxa contía será fixada pola Asemblea Xeral de asociadas, e que poderá modificarse de acordo coas circunstancias.

Artigo 32.- Os recursos económicos dos que poderá facer uso e dispoñer a asociación son os seguintes:

- a) Subvencións, e todo tipo de axudas públicas.
- b) O importe das cotas das asociadas.
- c) Os rendementos e produtos do seu patrimonio.
- d) Doazóns, legado, herdanzas, patrocinios, mecenados, etc.
- e) Calquera outro tipo de ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.
- f) Outros ingresos pola participación nalgún tipo de actividades que poida organizar a asociación.

Artigo 33.- Como réxime de administración, contabilidade e documentación, a Asociación dispoñerá dunha relación actualizada das súas asociadas, e levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuando un inventario dos seus bens e recollendo nun libro as actas das reunións dos seus órganos de gobernos e representación. Deberá levar a súa contabilidade conforme ás normas específicas que lles resulten de aplicación.

Artigo 34.- A data de peche do exercicio asociativo será a de 31 de decembro de cada ano.

DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 35.- A Asociación disolverase nos supostos seguintes:

- a) Cando concorran algunhas das causas establecidas polo artigo 39 do Código Civil.
- b) Cando o decidan maioritariamente as socias asistentes á Asemblea Xeral convocada para tal efecto.
- c) Cando a Asociación careza de forma manifesta de recursos económicos.
- d) Por resolución motivada da autoridade xudicial competente.

Artigo 36.- Para poderse disolver a Asociación precisarase a convocatoria dunha Asemblea Xeral, citándose ás persoas asociadas ao efecto, Asemblea Xeral na que en primeira convocatoria, precisarase a asistencia do 75% das asociadas, sendo válida a súa celebración en segunda convocatoria con calquera número de asistentes.

Artigo 37.- No acta da Asemblea Xeral na que se acorde a disolución da Asociación, relacionaranse a marxe os nomes de todas as asistentes.

Artigo 38.- Acordada a disolución da Asociación na forma prescrita nos artigos precedentes, abrírase o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade asociativa conservará a súa personalidade xurídica. As persoas que conforman o órgano de representación no momento da disolución convértense en liquidadoras, a non ser que a Asemblea Xeral designe como tales a outras persoas, ou así o decida a Xuíza que, no seu caso, acorde a disolución.

Artigo 39.- Corresponde ás liquidadoras:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
- b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas. Que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar ás acreedoras.

e) Aplicar os bens sobrantes da Asociación para os fins previstos polos estatutos.

f) Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro.

Artigo 40.- No caso de que quedase un saldo económico positivo, entregárase a unha institución benéfica e sen ánimo de lucro.

Artigo 41.- En caso de insolvencia da Asociación, o órgano de representación ou, se é o caso, as liquidadoras han de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal perante a xuíza competente.